



# XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Tan só tres días despois da presentación pública da **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)** o presidente da Xunta de Galicia, **Alberto Núñez Feijóo**, **anunciou** a posta en marcha dos primeiros instrumentos recollidos na RIS3 e destinados á captación de capital privado para os procesos de innovación galegos. Trátase do **Programa Innova en Galicia**, que aspira a mobilizar, neste ano 2014, máis de **26 millóns de euros**.

O primeiro instrumento, que será aprobado polo Consello da Xunta nas vindeiras semanas, está orientado á posta en marcha en Galicia de **centros mixtos de innovación** constituídos entre empresas e organismos de investigación galegos (universidades, centros tecnolóxicos, fundacións sanitarias, centros do CSIC, etc.).

Os principais obxectivos deste instrumento son, por un lado, atraer a actividade empresas cara Galicia e, polo tanto, crear emprego, e, por outro lado, explotar os resultados do coñecemento xerado en Galicia e maximizar a súa rendibilidade. Esta convocatoria estará dotada cun orzamento inicial de 5 millóns de euros, cos que se poderán mobilizar máis de 16 millóns de euros de investimento en I+D+i en Galicia. Segundo avanzou o presidente da Xunta, xa amosaron o seu interese neste instrumento grandes multinacionais de prestixio dos sectores TIC, automoción, farmacéutico e aeronáutico.

O segundo instrumento consiste na creación nos vindeiros meses de **tres proxectos estratéxicos de forma conxunta entre a Administración e grandes empresas** para a posta en marcha de iniciativas de I+D+i singulares.

En total, a través do Programa Innova en Galicia, a Xunta de Galicia investirá, en 2014, 8 millóns de euros que permitirán mobilizar máis de 26 millóns, o que contribuirá a converter a Galicia nun “polo da I+D+i”, en palabras de Núñez Feijóo.

Seguiremos informando puntualmente destas e doutras liñas de axuda a través deste boletín informativo e a través da web de **GAIN**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!